

## SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 26 DE DICIEMBRE DE 2019

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 26 de decembro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez; Luis Varela Pérez; D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; Dona Tania Díaz Seijas; D<sup>a</sup> Begoña Seco Varela; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE DE OUTUBRO DE 2019.

Ponse de manifesto a acta da sesión plenaria celebrada o día 31 de outubro de 2019.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### 2. APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO EN PAZ

O Alcalde inicia a defensa da seguinte proposta de resolución :

*Con de data de rexistro de entrada de 29 de xullo de 2019, don Manuel Gómez Veiga, presentou solicitude de desafectación dun tramo de camiño actualmente abandonado para a agrupación de 12 parcelas.*

*O tramo de camiño ao que se refire discurriría entre as parcelas 229, 460, 234, 461 e 233 do polígono 114, e 266, 269, 278 e 279 do polígono 115.*

*Constátase que dito camiño carece actualmente de uso, e do mesmo non queda plataforma aparente.*

*Asemade, a supresión de dito camiño non afecta ás condicións de acceso a camiño público de ningunha parcela.*

*Finalmente, a concentración parcelaria reviste interese público, xa que permite unha meirande produtividade agropecuaria e unha mellor xestión inmobiliaria.*

*Á vista de que dita solicitude coincide co interese xeral do concello o Alcalde iniciou o expediente de desafectación do tramo de camiño (parcela 9002 do polígono 114) que discorre entre os lindes das parcelas catastrales 229, 460, 234, 461 e 233 do polígono 114, e 266, 269, 278 e 279 do polígono 115.*



*O acordo de inicio notificouse personalmente aos titulares dos predios colindantes e publicouse no BOP de 30 de outubro de 2019, iniciándose un trámite de alegacións de un mes, finalizado o cal constatouse que ningún presentou alegación ou suxerencia algunha.*

*Por todo o cal PROPOÑO ao pleno da corporación, a adopción do seguinte acordo:*

*Aprobar definitivamente o expediente de desafectación do tramo de camiño (parcela 9002 do polígono 114) que discorre entre os lindes das parcelas catastrales 229, 460, 234, 461 e 233 do polígono 114, e 266, 269, 278 e 279 do polígono 115”.*

*A concelleira do BNG considera aceptable a proposta sempre e cando se respete o acceso á fonte pública existente na contorna.*

*O Alcalde asegura que non afecta ao acceso á fonte.*

*Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución transcrita.*

*Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.*

### **3. APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ATRIGA**

*O Alcalde asume a defensa da seguinte proposta de resolución:*

*“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:*

*No ano 2015 expirou a vixencia do convenio de colaboración entre o Concello de Outeiro de Rei e a Deputación Provincial de Lugo en materia de recadación tributaria.*

*Dende a finalización da vixencia, o concello concertou a recadación voluntaria mediante un contrato administrativo de servizos, e reforzou a recadación executiva con un convenio asinado coa Axencia Tributaria de Galicia.*

*Así, o día 3 de agosto de 2015, suscribiuse o convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de Outeiro de Rei en materia de recadación en vía executiva.*

*O citado convenio está vixente ata o 2 de outubro de 2020, en aplicación do disposto na DA 8ª parágrafo segundo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*A experiencia de estos anos amosou un incremento sustancial da porcentaxe de recadación en período voluntario, así como un notabilísimo incremento en período executivo.*

*Por outra parte, os veciños valoraron moi positivamente a proximidade do servizo de recadación en vía executiva, xa que existe unha atención persoal directa na propia casa consistorial, sen que teñan que desprazarse a Lugo para a xestión tributaria ordinaria.*

*Todas estas circunstancias aconsellan manter o actual modelo de xestión, polo que, previa tramitación do oportuno expediente de licitación, a Xunta de Goberno Local acordou adjudicar o contrato administrativo de colaboración na xestión tributaria municipal de a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.U., tral cal se formalizou o contrato.*



Estando próxima a rematar a vixencia inicial do contrato (2/11/2019), o adxudicatario presentou escrito de solicitude de prórroga do contrato.

Considerando a totalidade das circunstancias concurrentes, coma a vixencia da conveniencia do contrato de colaboración en tanto a actuación da Deputación e da ATRIGA non variou sustancialmente, e á vista dos bos resultados que a recadación directa polo Concello con asistencia contractual está dando, tanto en porcentaxe de recadación coma en satisfacción dos veciños, a Xunta de Goberno Local, o día 26 de xullo de 2019 acordou prorrogar por dous anos a vixencia do contrato administrativo de colaboración na xestión tributaria municipal perfeccionado con SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.U., de xeito que se estende a vixencia do contrato até o día 2/11/2021.

O mantemento de esta modalidade de exercizo da potestade de recadación en período voluntario polo propio Concello, esixe, pola súa banda, manter a modalidade de exercizo delegado das potestades de recadación en vía executiva, xa que o eido territorial do Concello así coma da propia Deputación Provincial é demasiado limitado para acadar unha recadación executiva eficaz atendendo á situación real de locación física dos activos dos suxeitos apremiados.

Por tal motivo, e á vista da proposta de convenio remitido pola Axencia Tributaria de Galicia PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- APROBAR a proposta de convenio de colaboración coa Axencia Tributaria de Galicia que se transcribe no ANEXO, outorgando, para o seu debido cumprimento, as delegacións e facultades precisas.

#### ANEXO

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA

En Santiago de Compostela, de a do 2020

#### REUNIDOS

Dunha parte, Don Valeriano Martínez García, na súa condición de Presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en nome e representación da devandita entidade, e en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

E doutra parte, Don José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, en nome e representación do mesmo, en virtude do disposto no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Recoñécense mutua e reciprocamente ambas as dúas partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio, a cuxo efecto

#### EXPOÑEN

#### I

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e se aproba o seu estatuto, a subscrición, en nome da entidade que preside e



nas materias que sexan da competencia da ATRIGA, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

## II

No marco da colaboración mutua entre as Administracións Públicas e conforme o principio de colaboración establecido no artigo 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ambas partes consideran que sería moi beneficioso establecer un sistema estable de colaboración mutua na xestión recadadora entre a Atriga e as Entidades locais.

Así mesmo tanto o artigo 10 como o artigo 55.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local establecen o principio de colaboración entre a Administración local e o resto de administracións públicas. Neste sentido o artigo 57 de dita lei establece que, con carácter xeral, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e o resto de Administracións Públicas territoriais poderán ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que se subscriban.

Pola súa parte o artigo 7 dos Estatutos da Axencia Tributaria de Galicia, aprobados polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, dispón que a Axencia Tributaria de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración coas entidades públicas instrumentais integradas no sector público autonómico de Galicia e demais entidades instrumentais integradas nel ou con outras administracións públicas ou entidades dependentes das mesmas, nos ámbitos de actuación que, directa ou indirectamente, lle son propios.

## III

Por outra banda, o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, sinala que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, axustarán a súa actuación aos principios de lealdade institucional, colaboración e cooperación para o exercicio das competencias que lles corresponda e eficaz cumprimento das súas tarefas.

## IV

O apartado 1 do artigo 8º texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dispón que as Administracións Tributarias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais colaborarán en todas as ordes de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- Obxecto e réxime xurídico

A Axencia Tributaria de Galicia asume a xestión recadadora executiva que lle encomende o Concello de Outeiro de Rei, (en diante o Concello), dos tributos e calquera outro recurso de dereito público do que sexa titular o Concello.

A devandita recadación rexerase:

a) Pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

b) Polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



c) Polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e polas normas e demais disposicións que poidan ditarse no seu desenvolvemento.

d) Polo Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadadora da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de Zona.

e) En xeral, pola normativa vixente aplicable en materia de xestión recadadora.

f) Polas cláusulas deste convenio.

#### SEGUNDA.- Ámbito de aplicación

O disposto no presente convenio aplicarase ás débedas cuxa xestión recadadora se encomende polo Concello á Axencia Tributaria de Galicia, a través dos órganos de recadación da mesma e empregando os medios de información e procedementos técnicos desenvolvidos pola Axencia na recadación executiva dos dereitos da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus organismos dependentes.

Para a xestión recadadora que se leve a cabo fora do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia estarase ao disposto no Convenio asinado entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a administración tributaria da Xunta de Galicia para a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público da Comunidade Autónoma o 22 de setembro de 2006.

#### TERCEIRA.- Obrigas do Concello e da Axencia Tributaria de Galicia

##### 1.- Corresponde ao Concello:

a) Resolver os recursos e incidencias relacionadas coas liquidacións das débedas a recadar.

b) Expedir as providencias de constrinximento e resolver os recursos de reposición interpostos contra estas, así como tramitar e resolver as solicitudes de suspensión do acto impugnado, informando desta circunstancia á Axencia Tributaria de Galicia, con indicación, de ser o caso, da garantía proporcionada.

c) Acordar a declaración de crédito incobrable, de conformidade co artigo 173.1 b) da Lei Xeral Tributaria, a proposta dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.

##### 2.- Corresponde á a Axencia Tributaria de Galicia.

a) Levar a cabo as actuacións do procedemento de constrinximento non citadas no punto 1 anterior.

b) Resolver as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pagamento en período executivo, sen prexuízo de que do Concello poida recadar esta función cando o considere oportuno.

c) Resolver as terzarías que se poidan promover no curso do procedemento de constrinximento.

d) Coñecer e resolver os recursos de reposición interpostos contra actos de xestión recadadora ditados polos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia en vía executiva, así como tramitar e resolver as solicitudes de suspensión do acto impugnado.



e) *Tramitar e resolver as solicitudes de suspensión automática do procedemento nas reclamacións económico-administrativas interpostas contra actos dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.*

*A Axencia Tributaria de Galicia dará coñecemento dos recursos que fosen certificados no proceso concursal ao Concello, o cal poderá asumir a súa defensa se o considera oportuno.*

a) *A adopción de medidas cautelares nos termos previstos no artigo 81 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.*

b) *A execución de garantías consonte ó establecido no artigo 168 da Lei 58/2003 , Xeral Tributaria.*

c) *Propor, se é o caso, ao Concello, e unha vez realizadas as correspondentes actuacións, que dite o acto administrativo de derivación de responsabilidade solidaria ou subsidiaria, cando a Axencia Tributaria de Galicia, no curso do procedemento de recadación dunha débeda do Concello teña coñecemento dalgún dos supostos de derivación de responsabilidade.*

*Non obstante o anterior, corresponderá á Axencia Tributaria de Galicia a declaración de responsabilidade nos supostos de sucesión ós que se refiren os artigos 39, 40 e 42.1.c), da Lei Xeral Tributaria, así como nos casos de responsabilidade de persoas depositarias de bens embargados ós que se refire o artigo 42.2 da Lei Xeral Tributaria.*

### *3.- Corresponde a ámbalas dúas administracións:*

a) *Establecer un sistema de información para colaborar na eficacia recadadora do Concello.*

b) *Atender as actuacións realizadas polos interesados e admitir os documentos presentados por estes ante os órganos de ámbalas dúas administracións, que serán comunicados ou remitidos ó órgano competente.*

### *CUARTA.- Procedemento*

#### *1.- Iniciación da actividade recadadora e cargo de valores.*

*Vencidos os prazos de ingreso en período voluntario sen satisfacerse as débedas, o órgano competente do Concello expedirá a correspondente providencia de constrinximento, consonte establece o artigo 167.1 da Lei Xeral Tributaria, que conterá como mínimo os datos que se especifican no artigo 70.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.*

*A Unidade Administrativa designada para o efecto polo Concello remitirá ao órgano competente da Axencia Tributaria de Galicia as débedas constrinxidas nas que a xestión se encomende á Axencia Tributaria de Galicia nos termos do presente convenio. Comunicaranse estes datos en formato de ficheiro e/ou rexistrados directamente na aplicación a través dun acceso remoto.*

*Non obstante, non poderán remitirse providencias correspondentes a débedas prescritas ou suspendidas, e a aquelas cuxo importe sexa inferior a 20 €. Esta cantidade poderá ser revisada pola Axencia Tributaria de Galicia e será comunicada ao Concello.*

#### *2.- Aprazamentos e fraccionamentos de pagamento.*



*As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pagamento de débedas presentaranse polos obrigados ao pagamento no Departamento de Recadación das Delegacións da Axencia Tributaria de Galicia ou nas Zonas de Recadación en que deba producir efecto o pagamento.*

*Cando as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento se presenten ante o Concello, aquelas remitiranse ao Departamento de Recadación da Delegación que corresponda en función do territorio do Concello, nun prazo máximo de dez días naturais dende a presentación da solicitude.*

### *3.- Suspensión do procedemento.*

*A suspensión do procedemento pola interposición de recursos e reclamacións producirase nos mesmos casos e condicións que para as débedas da Comunidade Autónoma de Galicia.*

### *4.- Ingresos.*

*O cobro das débedas obxecto do presente convenio só poderán realizarse polos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia a través de entidades colaboradoras polos medios e procedementos establecidos para a recadación en vía de constrinximento.*

*Se se producira o cobro por parte do Concello dalgún dereito para o que se iniciase o procedemento executivo, deberá remitirse ó órgano recadador certificación acreditativa, con descargo da parte certificada. En tal caso, o procedemento continuará pola parte pendente, se a houbera, de débeda principal, recarga e custas producidas.*

### *5.- Devolución de ingresos indebidos.*

*A Axencia Tributaria de Galicia practicará as devolucións de ingresos indebidos que sexan consecuencia de incidencias no proceso de recadación en período executivo.*

### *6.- Alleamento de bens e dereitos.*

*Para os efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 172.3 da Lei Xeral Tributaria, o Concello comunicará ao Departamento de Recadación da Delegación que estea xestionando a débeda se o acto de liquidación desta é firme.*

*Non obstante, con carácter previo ó acordo de alleamento dos bens embargados, a Axencia Tributaria de Galicia poderá solicitar do Concello información sobre a firmeza ou non da débeda, debendo aquel contestar no prazo dun mes.*

### *7.- Adxudicación de bens ao Concello.*

*Cando no procedemento de alleamento algún dos bens embargados ou proporcionados en garantía non se adxudicara, o Concello poderá adxudicarse os ditos bens nos termos establecidos no Regulamento Xeral de Recadación para a adxudicación de bens ó Estado, coas seguintes particularidades:*

*1ª.- A Axencia Tributaria de Galicia ofrecerá ao Concello a adxudicación, indicando se existen cargas ou gravames preferentes ao dereito daquel, o importe dos mesmos e o valor no que deberán ser adxudicados os bens.*

*2ª.- O Concello deberá comunicar a resolución adoptada á Axencia Tributaria de Galicia como máximo no prazo de corenta e cinco días naturais.*



*Entenderase non aceptada a adxudicación unha vez transcorrido o devandito prazo sen contestación expresa.*

#### *8.- Custas do procedemento.*

*Ten a consideración de custas do procedemento de constrinximento, os gastos que se orixinen, derivados da actuación recadadora, especificados no Regulamento Xeral de Recadación.*

*As custas nas que incorreran os debedores, e que non poidan ser cobradas a estes, correrán a cargo do Concello, minorando o importe a transferir a este na liquidación mensual.*

#### *9.- Datas.*

*Os órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia datarán as débedas constrinxidas por algún dos motivos establecidos na lexislación vixente, así como polo disposto nas cláusulas deste convenio.*

*A xustificación das datas por insolvencia realizarase nos mesmos termos que para as da Comunidade Autónoma e á vista, de ser o caso, da información adicional que subministrara o Concello. O Concello poderá solicitar aclaración se, ao seu xuízo, non estiveran realizados tódolos trámites.*

*No caso de que o Concello tivera, posteriormente, coñecemento de datos que non utilizasen na xestión da débeda por insolvencia que permitira a realización de dereito poderá incluír novamente a débeda nun seguinte envío mensual, acompañando documentación xustificativa da súa nova incorporación.*

#### *QUINTA.- Custe do servizo*

*O custe por inicio de xestión será de tres euros e cincuenta céntimos (3,5 €) por cada providencia de constrinximento remitida polo Concello, de acordo co disposto no punto 1 da cláusula cuarta deste convenio.*

*O custe pola xestión de cobramento realizada será o importe que resulte de aplicar as porcentaxes das recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.*

*O custe previsto nesta cláusula, poderá ser revisado anualmente de mutuo acordo.*

#### *SEXTA.- Liquidacións e transferencias de fondos ao Concello*

*Dentro dos quince primeiros días de cada mes, a Axencia Tributaria de Galicia practica liquidación pola xestión recadadora realizada no mes anterior por conta do Concello, procedendo a transferir a conta bancaria que con este fin designase o Concello, o importe resultante, que será a diferenza entre as cantidades recadadas e o custe do servizo.*

#### *SÉTIMA.- Información ao Concello*

*A Axencia Tributaria de Galicia remitirá seguinte información ao Concello:*

- ✓ Mensualmente, os movementos detallados de débedas segundo a liquidación a que se refire a cláusula sexta.*
- ✓ Trimestralmente, a información relativa á totalidade da xestión recadadora contabilizada no período por conta do Concello.*





- ✓ *Anualmente, a información relativa ao estado en que se atopa a totalidade da débeda remitida polo Concello para a xestión de cobro e que ao final do exercicio figura como pendente.*

#### *OITAVA.- Comisión de seguimento*

*Co fin de concretar calquera aspecto relacionado co procedemento de recadación establecido por este convenio que precise de desenvolvemento, de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión e control, crearase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta polo/a Xefe/a do Departamento Central de Recadación da Axencia Tributaria e a persoa que designe o Concello.*

*As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas por esta comisión.*

*A comisión reunirse a pedimento dalgunha das partes.*

*A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento rexerese, en canto ao seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ao non establecido expresamente na presente cláusula, pola normativa específica en vigor.*

#### *Novena.- Vixencia do convenio*

*O presente Convenio terá unha vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*

*Para as causas de resolución e efectos desta observarase o disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

#### *Décima.- Natureza administrativa*

*Este convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.*

*As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.*

*O presente convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno de Galicia.*

*E, en proba de conformidade con canto antecede, asínase, por duplicado, o presente convenio.*

*Rematada a intervención do Alcalde, o voceiro do grupo municipal do BNG recorda a postura do seu grupo en relación a esta modalidade de recadación municipal, recordando asemade que a Deputación Provincial de Lugo está a prestar o mesmo servizo a custe cero.*

*Recorda asemade que a meirande parte dos Concellos da provincia realizan a recadación a través da Deputación Provincial, e que a única razón de ser de establecer esta modalidade de recadación é meter no Concello a dúas persoas máis da confianza do Alcalde.*



Asegura que non entender porqué agora traen a pleno a aprobación do convenio cando no seu momento non o trouxo, ao mesmo que non entende porqué se incorpora na proposta de resolución os antecedentes contractuais da recadación en período voluntario.

O Alcalde informa que este convenio únicamente aborda a recadación executiva, e asegura que é o sistema máis eficaz xa que ten un eido territorial moito máis amplo

Tamén asegura que deste xeito se presta un mellor servizo aos veciños, que poden dirixirse ao seu Concello para realizar as xestións tributarias en vez de ter que desprazarse a Lugo.

Informa que a experiencia na recadación executiva coa Deputación non foi todo o satisfactoria que debería, e que o suministro de información e a taxa de recadación efectiva eran realmente insatisfactorios.

O voceiro do BNG replica que, se tan mala é a xestión da Deputación, moi tontos deben ser os Alcaldes da Provincia, xa que na súa meirande parte están adheridos ao convenio.

Pregúntalle porqué se rachou a relación coa Deputación, e anuncia que si non lle constesta solicitará un informe á Deputación.

Tamén pregunta porqué se menciona á empresa privada actualmente contratada no convenio.

O Alcalde respóstalle que hai máis Concellos de menos de 20.000 habitantes que non conveniaron a recadación coa Deputación, e a mención a dita empresa consta nos antecedentes da proposta de resolución, non figura no articulado nin no texto do convenio.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con dez votos a favor e tres en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG.

#### **4. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2018**

O Alcalde inicia a defensa da seguinte proposta de resolución:

##### *“PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Considerando formada a Conta Xeral do exercicio 2018, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.*

*Considerando o informe de Intervención emitido en data 14 de outubro de 2019, e o Ditame da Comisión Especial de Contas emitido con data 7 de novembro de 2019.*

*Considerando que, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a mesma expúxose ó público durante os días 15 de novembro ao 5 de decembro de 2019, unha vez publicado o anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 14 de novembro, para que nese prazo de quince días e oito máis os interesados puidesen presentar reclamacións, reparos ou observacións, sen que no prazo establecido se presentara ningunha reclamación, dacordo co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO*



*PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2018.*

*SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, e do Consello de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo”.*

O Alcalde defende a aprobación da conta xeral, xa que executouse correctamente e acadouse un superhábit importante sen existir débeda.

A voceira do PSdG-PSOE afirma que se absterá neste punto, xa que non participou na execución do orzamento 2018 e recorda que na comisión especial de contas plantexou algunha cuestión, tal e coma a existencia de bonificacións ou exencións relativas ao medioambiente e, ante a resposta de que non existe ningunha, pregunta neste intre que pensa facer en materia medioambiental, xa que o único gasto previsto neste capítulo é de personal (18.000 euros).

Salienta que existe unha previsión orzamentaria de 6000 euros en concepto de intereses de demora e outros gastos. Si se chaman “intereses de demora” é que son intereses por mora no pago.

Suliña o importe dos cartos adicados a festas populares (65.000 euros) ou promoción turística (casi 50.000 euros) fronte os adicados a desenvolvemento rural, que apenas chegan aos 13.000 euros.

Finalmente, manifesta que os cartos do concello están ociosos e que existe un exceso de liquidez segundo o plan xeral de contabilidade.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos recorda que as Contas deberían ser rendidas antes do 15 de maio de 2019, namentres o Alcalde rendiu aquí as contas o 11 de agosto de 2019, é dicir, con case tres meses de retraso.

Tamén a Lei dí que teñen que someterse á comisión especial de contas antes do 1 de xuño, e neste caso sometéronse a súa consideración en novembro. Engade que as Contas teñen que elevarse ao Pleno antes do 1 de outubro, e hoxe é 26 de decembro.

O BNG considera que isto é froito de unha ineficiencia organizativa e mala xestión dos recursos humanos.

A regra 50 da instrucción de contabilidade recorda que o Alcalde é o responsable da veracidade da información contida nas Contas, motivo polo cal lle sorprende que na memoria da Conta Xeral en ningún momento se faga mención ao feito de que estamos sometidos a un plan económico-financieiro por incumprir a regra de gasto debido ao incumplimento da regra de gasto (exercizos 2018 e 2019), e tamén pola falla de sostenibilidade financeira.

Outro aspecto importante é o notorio incumprimento do período medio de pago, que a lei dí que é de 30 días e aquí se está a pagar a 90 días.

O Alcalde resposta á concelleira do PSdG-PSOE que as cuestións relativas as previsións orzamentarias ou bonificacións tributarias son alleas á conta xeral, xa que son propias dos orzamentos.

Ao concelleiro do BNG respóstalle que, efectivamente, preséntanse con algo de retraso, pero que incrementar os medios a adicar a este punto implicaría detraelo de outros servizos.



Tamén recoñece que se superou a regra de gasto, regra que non lle parece xusta naqueles casos, coma o de Outeiro de Rei, nos que existe superhábit e non existe débeda, se ben a xestión económica permitiu prestar bos servizos ao menor custe posible.

O concelleiro do BNG replica que a meirande parte dos concellos de tamaño equivalente ou mesmo superior non teñen tanto personal coma Outeiro de Rei, e que a solución non pasa por expandir a plantilla, senón en organizala mellor.

Advirte que non é certo que o Concello non teña débeda, e recorda que o endebedamento por habitante é de 465 euros, que non é moito pero tampouco é igual a cero.

Outras magnitudes tampoco son para votar cohetes, así o grao de execución do orzamento de gasto é do 68%, e do ingresos o 63%. Estes son datos obxetivos expresados na Conta Xeral.

A concelleira do PSdG-PSOE recorda que o Alcalde non lle respostou qué pretende facer para mellorar o medioambiente, xa que pode aforrar cartos de certas partidas para adicalos a políticas ambientais.

O Alcalde considera que este Concello resiste a comparación con calquer outro concello, e sobre todo da España valeirada, xa que somos o único pequeno concello que está a medrar.

En relación a o escaso grao de execución dos orzamentos, considera que esa afirmación é totalmente contradictoria con criticar que se supera a regra de gasto.

Á voceira do PSdG-PSOE, respóstalle que os cartos que se adicarán ao medioambiente se verán nos orzamentos, non na rendición da conta dun exercizo xa vencido. Non obstante, infórmalle que para que os investimentos sexan ambientais as partidas de gasto non teñen que levar o cartel de medioambiente.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da Conta Xeral do exercizo 2018.

Realizada a votación, a Conta Xeral resulta aprobada con 9 votos a favor, unha abstención pertencente á concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, e tres votos en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG.

## **5. MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO. DELIMITACIÓN DO SECTOR DE SUELO URBANIZABLE CC1-2º FASE**

O Alcalde defende a proposta de modificación puntual das NNSS de Outeiro de Rei, cuxa fianalidade é a de axustar á nova Lei do Solo ao Sector de solo urbanizable de uso industrial denominado CC1, 2ºfase, ao tempo que se adapta a anterior delimitación a certos requisitos coma a delimitación das parcelas ou a ubicación das medorras.

O texto da proposta de resolución e o seguinte:

*“Con data 14 de decembro de 2017 asínase convenio entre o Concello de Outeiro de Rei e a asociación de propietarios promotores da modificación puntual das Nomas Subsidiarias ( NNSS) de Outeiro de Rei en Matela, ( CC1-2ª FASE).*

*En base a este convenio que se inclúe como anexo no documento que se somete a aprobación inicial, o Concello de Outerio de Rei comprométese a: “impulsar a modificación*



*puntual das Normas a fin de clasificar como chan urbanizable de uso industrial ou comercial unha superficie sustancialmente coincidente co ámbito modificado como chan rústico apto para urbanizar na modificación puntual aprobada en sesión plenaria de data 30 de xullo de 2003.”*

*Pola súa banda a Asociación de propietarios comprométese a: “Achegar cuantos estudos, informes e documentos sexan necesarios para a adecuada tramitación da modificación proposta e dentro dos prazos legalmente establecidos”.*

*Devanditos estudos, informes e documentos confeccionaranse con suxeición estrita ás instrucións dadas polo Concello de Outeiro de Rei, así como ás esixencias e prazos impostos nos informes ou requirimentos cursados pro as Administracións con competencia sectorial na materia.”*

*En base a este compromiso a Asociación presente en data 12 de abril de 2018 Documento ambiental estratéxico redactado polo arquitecto D. Jose Manuel López Valiño que é enviado a medio ambiente xunto coa solicitude de tramitación ambiental estratéxica simplificada.*

*Con data 13 de agosto de 2018 recíbese solicitude de documentación adicional por parte da Consellería de Medio Ambiente, servizo de Avaliación e Calidade Ambiental que é enviado ao representante da Asociación en data 2 de setembro de 2018.*

*En data 4 de outubro de 2018 é achegado oficio indicando que se entrega a documentación adicional. En data 8 de novembro de 2018 é enviada a medio ambiente a documentación solicitada.*

*En data 20 de novembro de 2018 é requirida novamente documentación adicional por parte do Consellería de Medio Ambiente que é enviada ao representante da Asociación en data 20 de novembro de 2018.*

*En data 5 de decembro de 2018 é achegada a documentación por parte da Asociación e remitida a medio ambiente no mesmo día.*

*En data 1 de febreiro de 2019 é achegado pola Asociación nova documentación adicional para o seu envío a medio ambiente que lles foi requirida verbalmente.*

*Esta documentación envíase a medio ambiente en data 2 de febreiro de 2019. En data 29 de maio de 2019 envíase por parte da Consellería notificación da resolución de someter a modificación ao trámite de avaliación ambiental estratéxica ordinaria así como informe ambiental estratéxico, documento de alcance. En data decembro de 2019 redáctase o proxecto por parte da arquitecta municipal que subscribe, coa asistencia técnica prestada pola Asociación a través do arquitecto D. Jose Manuel Lopez Valiño, o Estudo Ambiental Estratéxico e o documento de Modificación puntual que se presentan para a súa aprobación*

*A modificación das NNSS de plan municipal que se pretende aprobar afecta a uns terreos que se atopan nestes momentos clasificados no seu maior parte como chan rústico apto para o desenvolvemento urbanístico segundo modificación puntual das NNSS de plan municipal aprobado en data 30 de xullo de 2003.*

*A delimitación que se expón non coincide exactamente coa do chan rústico apto para urbanizar ocupando unha pequena parte de chan non urbanizable internuclear e deixando fose do novo sector de chan urbanizable outra pequena parte que tiña a clasificación de rústico apto para urbanizar.*



O réxime transitorio da lei 2/2016 aplicable ao plan non adaptado indica que o réxime de aplicación a este tipo de chan, tanto ao rústico apto para o desenvolvemento urbanístico como o chan non urbanizable internuclear é o do chan rústico da lei. O artigo 83 da lei 2/2016 indica que a alteración do contido dos instrumentos de plan urbanístico poderá levar a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos.

Calquera modificación de plan urbanístico haberá de fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas. As razóns de interese público que fundamentan a presente modificación recóllense no documentos polo meu redactado e resúmense nas seguintes:

- Completar a estrutura urbanística existente nestes momentos, que se executou coa ordenación do sector CC1-1ª fase en vistas á execución posterior desta fase que nestes momentos non se pode levar a cabo se non se aproba a presente modificación.

- A obtención de terreos para a ampliación do cemiterio como cesión obrigatoria e gratuíta lindeira co cemiterio actual situado no CC1-1ª fase.

- A conservación e posta en valor do patrimonio arqueolóxico mediante a cesión obrigatoria e gratuíta dos terreos nos que se sitúan as dúas medorras que quedan neste ámbito que se destinarán a espazo libre coa obrigaón de levar a cabo unha posta en valor do devandito patrimonio e o control arqueolóxico dos movementos de terra que permitirá explorar os restos que poidan quedar das medorras desaparecidas e outros elementos que poidan aparecer na contorna.

- A execución de maneira obrigatoria e gratuíta dun tramo da futura rolda de circunvalación do parque empresarial e que xa nestes momentos servirá de acceso directo á estrada autonómica da estrada que vén da Palloza na que se atopa a urbanización do mesmo nome evitando o rodeo e o tráfico polas rúas interiores do parque empresarial alleo á actividade industrial.

Tanto o EAE como o documento de modificación recollen as indicacións do informe ambiental estratéxico así como do documento de alcance. O documento que se redacta para aprobación inicial contén as determinacións de carácter xeral (art. 105 a 112) e de carácter específico ao chan urbanizable (art. 126 a 129) que debe de conter o plan xeral segundo establécese no decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da lei 2/2016 do chan de Galicia.

Así mesmo contén a documentación establecida nos artigos 131 a 135 do Regulamento adaptada en función do obxecto da presente modificación en orde aos principios de máxima sinxeleza, lexibilidade e proporcionalidade en relación coas características do ámbito territorial do documento de plan conforme ao artigo 3 da orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de plan.

Finalmente, a arquitecta municipal e o Secretario municipal emitiron informe favorable á aprobación inicial do proxecto de modificación puntual, motivo polo cal, PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

**APROBAR INICIALMENTE O “proxecto de Modificación puntual modificación puntual das NNSS de planeamento do concello de Outeiro de Rei” promovido a instancias do Concello de Outeiro de Rei”.**

A concelleira do PSdG-PSOE está de acordo coa decisión, xa que débese apoiar a aqueles que desexan ampliar os seus negocios.



O voceiro do BNG recorda que o Concello dispón unicamente de unhas normas subsidiarias do ano 1992 que están totalmente desactualizadas e que o Goberno municipal está a parchear a en función dos beneficios particulares de algunhas personas, dando lugar a situacións non desexables. Xa o vimos na delimitación de Cartel; ¿porqué a Cartel sí que aos moitos outros núcleos non delimitados non?.

Engade que o propio expediente é unha chapuza, non soamente pola confusión no nome do ámbito, senón porque ao longo de todo o expediente faise referencia a sesións plenarias que non existiron (abril de 2017 ou febreiro de 2015), incluso os nomes dos lugares, que fan referencia ao monte de Santa Mariña cando é o monte de Outeiro.

Non é razonable un incremento tan salvaxe de solo industrial cando o 80% do existente está baleiro ou incluso sen urbanizar, polo que si algunha empresa -do tamaño que sexa- necesita chan, ten de sobra onde instalarse.

Polo que respecta ás medorras, dous quedan nas zoas verdes e as outras catro xa non existen porque se destruíron polos propietarios do solo. Sexa coma sexa, non se pode actuar sen saber a ciencia certa o que hai debaixo, para o que Patrimonio debe emitir o informe que corresponda. Se non o fai o Concello o fará o propio BNG.

Por último, advírtese a casualidade de que, nun breve espazo de tempo, catro empresas presenten solicitude perante o concello para instalarse neses terreos. Unha dela vencellada a un dos propietarios do solo. Parécelle moitísima casualidade.

Tampouco sabe si o feito de que o concello recalifique suelo rústico a petición de catro empresas é ou non prevaricación administrativa ou tráfico de influencias. Si o fiscal se mete neste asunto habería que ver o que pasa, e advirte que non soamente é responsable quen propón, senón tamén quen levanta a mano para votar a favor.

O Alcalde considera que o BNG segue a decidir o de sempre, que é o intervencionismo. O equipo de Goberno cree que o urbanismo é moi dinámico, e se agora se aproba un novo plan xeral, en poucos anos teríanse que facer modificacións igualmente.

No presente suposto o Concello actúa a instancias de determinados empresarios porque considera que beneficia ao interés xeral facilitar o desenvolvemento industrial ou empresarial. Este xeito de actuar é propio dun concello dinámico que facilita a iniciativa privada como medio para xerar riqueza e postos de traballo.

É evidente que hai suelo sen vender, ogallá estivese todo vendido, pero o concello non promoveu a creación de solo. O feito de que non esté ocupado todo o solo débese a unha situación de debilidade económica na que o Partido Popular non é precisamente o responsable.

O voceiro do BNG recorda que existe oferta máis que sobrada de suelo para que calquera empresa se instale no concello, polo que a presente recalificación é innecesaria.

Tamén insiste no feito de que se solicite informe a Patrimonio para salvaguardar o patrimonio arqueolóxico alí existente.

Remanta anunciando que farán un estudo de movemento da titularidade dos terreos afectados pola recalificación, do que seguramente aflorarán casos sorprendentes. Non hai dereito de que se beneficien sempre os mesmos.

E claro que hai que ser dinámicos, pero unha cousa é ser dinámico e outra cousa é facer este tipo de modificacións quirúrxicas.



O Alcalde considera subrealista o anuncio do BNG do estudo das transmisión de propiedade, e infórmalle ao voceiro do BNG que dende o ano 1992 até o 2016 (ano de entrada en vigor da nova Lei), ese suelo xa era urbanizable de uso industrial, que é precisamente como se pretende que volva a clasificarse coa presente proposta, así que ningún puido mercar a prezo de suelo rústico.

O control arqueolóxico xa se fixo e por suposto que se vai pedir informe a Patrimonio, iso é unha obviedade e non se pode actuar de outro xeito.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación inicial de modificación das NNSS de planeamento.

Realizada a votación, a proposta de aprobación inicial resulta aprobada con 10 votos a favor e tres votos en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG.

## 6. ROGOS E PREGUNTAS

O Secretario da lectura, en viva voz, do seguinte rogo presentado polo grupo municipal do BNG:

*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte ROGO REFERIDO Á NECESIDADE DUN BUZÓN PARA O CORREO PARA GRUPOS POLÍTICOS DA OPOSICIÓN DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*O traballo desenvolvido por parte dos grupos da oposición no concello de Outeiro, ou cando menos dende o BNG, é relativamente importante, sobre todo tendo en conta que todo este traballo temos que facelo non noso tempo libre, o que nos deixa o noso traballo e atención á familia.*

*Para facer este traballo resultaba imprescindible a existencia dun buzón para recibir a correspondencia, así como dun local para cada grupo político, aínda que este último punto, que a lei contempla con claridade e que a Alcaldía non se tivo a ben habilitar no seu día, será tratado en próximas iniciativas doutra índole e calado.*

*Este rogo concrétese na necesidade de existencia do buzón, que nos parece imprescindible e que é o máis lóxico, pois non parece de recibo que a correspondencia dos grupos da oposición teña que tela na mesa un funcionario ata que algún membro do grupo pase polo concello. O lóxico sería ter un buzón nun lugar público, ata que exista o local propio do grupo, onde se depositara ese correo e onde o grupo municipal tivera a chave para acceder a el cando o considerase oportuno.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte ROGO:*

*Para que se habilite na Casa do Concello, nun lugar público e de libre acceso, un buzón para depositar a correspondencia dos grupos políticos do concello de Outeiro.*

Acto seguido, da lectura ao seguinte rogo formulado, do seguinte teor literal:





*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte ROGO REFERIDO Á REPARACIÓN DAS VARANDAS DA PONTE DA CORRIOLA*

*Exposición de motivos:*

*A área recreativa da Santa Isabel é un dos lugares máis representativos do noso Concello. A carballeira, a ermida, as beiras do Miño, ..., forman un conxunto único que cada vez é máis visitado. É normal ver veciños paseando e gozando deste entorno único así como na tempada da pesca son numerosos os pescadores que andan por estas ribeiras.*

*Na senda que leva cara Robra Pequena atopamos que a primeira ponte pola que temos que pasar, preto do coñecido como Prado de Cosmede, coñecida popularmente como Ponte da Corriola, presenta os seus beirís en moi mal estado desde mediados de novembro pola caída de árbores sobre ela, sendo un perigo manifesto para os transeúntes.*

*É por todo iso, polo que facemos o seguinte ROGO:*

*Para que as varandas de dita ponte sexan amañadas o antes posíbel para evitar accidentes non desexados e ao mesmo tempo se revise a estrutura de dita construción para comprobar que non ten danos e de telos, proceder ao seu amaño.*

*O Alcalde afirma que se reparará nun futuro inmediato, xa que os traballos de estos últimos tempos debidos ás inundacións non permitiron facelo antes.*

*A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, dos seguintes escritos de preguntas formulados polo grupo municipal do BNG:*

*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte PREGUNTA REFERIDA A QUE NON SE PERDA A SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN AO SAF DEBIDO A QUE O CONCELLO NON QUERE ELIMINAR A DISCRIMINACIÓN ÁS TRABALLADORAS DESE SERVIZO*

*Exposición de motivos:*

*No pasado mes de setembro o BNG presentou no Pleno unha proposta referente a que dende o concello se tomaran as medidas oportunas para que as traballadoras do SAF de Outeiro cobrasen as dietas polos desprazamentos ata os domicilios das persoas usuarias do servizo, ao igual que os cobran o resto de traballadores, traballadoras e políticos do concello e tal e como a propia lei contempla.*

*A esta proposta o alcalde, xunto do resto de concelleiros e concelleiras do PP, votaron en contra, rexeitando a proposta do BNG.*

*Hai unhas semanas, cando se aprobaron os orzamentos da Deputación de Lugo, a vicepresidenta desa institución, do BNG e facéndose eco da proposta do BNG de Outeiro, anunciou publicamente que dende ó BNG na Deputación non se ía aceptar un regulamento do Plan Único que subvencionara o SAF para concellos onde se mantivera esta grave discriminación, tanto laboral como de xénero.*

*Dado que unha parte moi importante do custe do SAF vense cargando ao Plan Único da Deputación e dado que parece que vai ser obrigatorio manter unha porcentaxe neste tipo de gasto, e por outra banda, que non se discrimine as traballadoras non pagándolles os*



*desprazamento ou non cumprindo o convenio colectivo de aplicación, o concello de Outeiro pode perder unha importante cantidade de fondos desa administración se persevera nas súas intencións discriminatorias cara estas traballadoras.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde a seguinte PREGUNTA:*

*- Vai o concello de Outeiro mudar a súa postura e facer que as traballadoras do SAF cobren as dietas de desprazamento e o salario que marca o convenio colectivo de aplicación ou, pola contra, vai perseverar na discriminación e polo tanto perder os fondos procedentes da Deputación para tal fin?.*

O Alcalde considera moi grave que a Deputación interfira nas competencias municipais condicionando as subvencións a determinadas condicións laborais. Era o que faltaba.

Tamén informa que a axuda da Deputación ao servizo de Axuda no Fogar no ano 2018 foi de 30.000 euros nun gasto de 300.000 euros.

Si con esta situación a Deputación quere condicionar o contido do Plan Único e dicirlles aos concellos o que teñen que facer e cómo o teñen que facer, xa se verá o que se fai. E recorda que éste non é un servizo de prestación obrigatoria.

*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía as seguintes PREGUNTAS REFERIDAS Á SINALIZACIÓN DAS ESTRADAS MUNICIPAIS CORTADAS POLOS TEMPORAIS DE DECEMBRO*

*Exposición de motivos:*

*As copiosas chuvias dos últimos días provocaron unha importante suba do caudal dos ríos que atravesan o noso concello e en particular o do río Miño, cuxas ribeiras apareceron o pasado luns 15 de decembro totalmente asolagadas e en particular a área recreativa da Santa Isabel.*

*Esta área, que como dicíamos nun anterior rogo é moi frecuentada, quedou cuberta por unha capa de auga que cubriu a estrada de acceso tanto ese día como nos posteriores.*

*Con estas circunstancias púidose constatar que dende o concello non se tomaron medidas preventivas para evitar posíbeis incidencias. O mesmo aconteceu o mércores 18 na Barciela onde o río Pequeno ía totalmente desbordado e non se podía pasar pola pista.*

*En ningún dos dous casos se comunicou dita incidencia aos usuarios que transitan por esta vía, ocasionando as correspondentes molestias e, o que é peor, xerando situacións de risco.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde das seguintes PREGUNTAS:*

*- Por que desde o Goberno Local non se tomaron as medidas oportunas para indicar que esas estradas estaban intransitables, como por exemplo indicalo, no caso da Santa Isabel, con sinais na rúa Manuel María ou na rúa C.*

*- Como non se colocou no último cruce e despois das últimas vivendas un valado impedindo o paso á Área da Santa Isabel e indicando a incidencia?*



- Como non houbo ningún sinal na Barciela indicando que non se podía pasar, tanto dende a NVI como desde abaixo.

O Alcalde resposta que os servizos municipais estaban moi ocupados liberando estradas trala caída de árbores por mor do temporal e, por outra banda, non consideran que estos puntos fosen especialmente perigosos, xa que a inundación se veía perfectamente e incluso se podía adentrar nela sen perigo.

Finalmente, o Secretario realiza a lectura do escrito de preguntas formuladas pola concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, do seguinte teor literal:

*Dona M<sup>a</sup> del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ao abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar aos órganos de goberno as seguintes PREGUNTAS:*

*1- Respecto ao Circuíto de Robra, debemos dicir que chegaron ao noso coñecemento diversas queixas polas molestias ocasionadas polos constantes rúidos que chegan ás vivendas da Urbanización A Palloza e outros moitos veciños preto a el. Poden vostedes aclararnos se na súa construción foron tomadas medidas para paliar a posible contaminación acústica que poida xurdir no momento do seu funcionamento?*

*Se é que se tomaron, saben se son suficientes para a boa convivencia dos veciños que por alí viven?*

*Se non se tomaron, son conscientes do malestar da veciñanza no momento no que, estando nas súas casas coas ventás pechadas, teñen que aturar os rúidos producidos polos motores dos vehículos que alí se utilizan?*

*2- Dado que a Deputación de Lugo ofreceu establecer un convenio cos concellos da provincia coa fin de pór en marcha o plan de aforro enerxético Ilumin@, mediante o cal se pretende aforrar conxuntamente uns 62.000 euros para renovar as súas luminarias, e non consta o noso concello de Outeiro de Rei na listaxe de municipios adheridos a el, gustaríanos saber: A que foi debido que non participasen neste interesante proxecto no que se pretende aforrar custes á cidadanía cando nas contas xerais do exercicio de 2018 consta un gasto en alumeadado público de 237.324,64 euros?*

O Alcalde resposta á primeira pregunta resposta que seguirán a tomar medidas para paliar os posibles rúidos.

En relación á segunda pregunta, o Concello dende o 2014 implantou un plan de aforro enerxético no que se aforrou un 50%, e se están continuamente a instalar ou substituír puntos por outros da meirande eficiencia enerxética. A día de hoxe casi tódalas bombillas son led, por este motivo este ano non participaron no plan, o que non quere dicir que non participen en futuros plans en función da mellora tecnolóxica, da rendabilidade do investimento e das demandas veciñais.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde





Cod. Validación: 7LLFT7DKANTTRZG9YKR6AWHT | Corrección: <https://buiteroderei.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 20